



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE CARIÑO (A CORUÑA) CELEBRADO O DÍA 27 DE MARZO DE 2025

ASISTENTES

ALCALDESA

Ana M^a López Fernández

CONCELLEIROS/AS

GRUPO P.P

Miguel A. Pérez Fraguela

Laura García Ruíz

Alberto Balado Ramonde

GRUPO PSGA-PSOE

Jonathan I. Miranda Lucas

M^a José Fraguela López

GRUPO BNG:

Carlos Castro Durán

Pablo Fraguela Casás

Nuria Oliveira Álvarez

AUSENTES

Miriam Rodríguez Fernández

José M. Alonso Pumar

SECRETARIA:

Alejandra Pardo Vázquez

INTERVENTORA:

Ausente

ORDE DO DIA:

Na Casa do Concello, ás vinte horas do día vinte e sete de marzo de dous mil vinte e cinco, reúnense os/as Sres/as Concelleiros/as á marxe reseñados/as, baixo a presidencia da Alcaldesa, Ana M^a López Fernández. Asiste a Secretaria da Corporación, Alejandra Pardo Vázquez. O obxecto da reunión é realizar sesión ordinaria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
06/02/2025.**

**2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 29/2025, DE 30/01/2025 ATA O 96/2025, DE 20/03/2025.**

**3º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN
ORZAMENTARIA 3/2025, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (EXPDTE
2025/T002/000001)**

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO
EXTRAXUDICIAL DE OBRIGAS 1/2025 (EXPDTE 2025/C007/000002).**

5º.- MOCIÓN

6º.- ROGOS E PREGUNTAS

.....
**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:
06/02/2025**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades Locais (ROF en adiante), a Alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación desexa formular observacións á acta da sesión de 06/12/2025, enviada a todos os membros da Corporación de acordo co artigo 80.2 do ROF.

Non efectuándose observacións, a acta resulta aprobada por unanimidade dos membros presentes.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDIA, DENDE A ÚLTIMA
SESIÓN ORDINARIA: DO 29/2025, DE 30/01/2025 ATA O 96/2025, DE 20/03/2025.**



O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, dáse por enterado dos Decretos de referencia.

3º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 3/2025, MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO (EXPDTE 2025/T002/000001)

Visto o ditame da C.I de Facenda, Desenvolvemento local e empresarial, Mar e Comercio, de data 24/03/2025 que establece:

A modificación de crédito que é preciso tramitar é unha transferencia de crédito entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, para dotar de crédito suficiente as partidas especificadas a continuación, que posibiliten a tramitación dos expedientes de gasto necesarios.

*Vista a Providencia de Alcaldía de data 18/03/2025, o Informe da Intervención municipal da mesma data que consta no expediente e tendo en conta o disposto no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais, nos artigos 34 e 40 do RD 500/1990, de 20 de abril, a Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte **DITAME**:*

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 3/2025 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 52.000 euros de acordo co seguinte:

PARTIDAS QUE CEDEN CRÉDITO	C O N C E P T O	IMPORTE
231.13100	Servizos sociais. Retribucións básicas	19000
231.16000	Servizos sociais. Seguridade social	6000
920.12000	Administración xeral. Retribucións básicas.	20000
920.16000	Administración xeral. Seguridade social	7000
	TOTAL.....	52000
PARTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO		IMPORTE
342.61900	Instalacións deportivas. Reposición de infraestruturas.	8000
160.22105	Auga potable. Subministro alimentos.	12000
163.21300	Limpeza viaria.Maquinaria, instalación....	30000
1532.21400	Recollida de residuos. Vehículos.	2000



	TOTAL.....	52000
--	-------------------	--------------

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

Carlos Castro pregunta se partida referida a limpeza viaria dotada de 30.000 euros, se entra o tema da limpeza das parroquias.

A alcaldesa explica que esa partida se establece para adquirir unha máquina barredora que fai falta xa que a existente está bastante mal, e que hai que facer labores de mantemento.

Jonathan Miranda comenta que na comisión informativa preguntou sobre o destino dos fondos, e que lles chamou a atención que esas modificacións veñen dos salarios do persoal de servizos sociais e de administración xeral, xa que a Alcaldesa no ano 2021 comentou que non lle parecía ben que se sacaran cartos de servizos sociais. Pregunta porque agora se fai isto.

A alcaldesa explica que se trata de postos de traballo que non están cubertos e que se utilizan eses cartos para facer a modificación de crédito, e que eles facían o mesmo.

O Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito, transferencia de crédito 3/2025 entre aplicacións orzamentarias con distinta vinculación xurídica e distinta área de gasto, por un importe total de 52.000 euros de acordo co seguinte:



PARTIDAS QUE CEDEN CRÉDITO	CONCEPTO	IMPORTE
231.13100	Servizos sociais. Retribucións básicas	19000
231.16000	Servizos sociais. Seguridade social	6000
920.12000	Administración xeral. Retribucións básicas.	20000
920.16000	Administración xeral. Seguridade social	7000
	TOTAL.....	52000
PARTIDAS QUE RECIBEN CRÉDITO		IMPORTE
342.61900	Instalacións deportivas. Reposición de infraestruturas.	8000
160.22105	Auga potable. Subministro alimentos.	12000
163.21300	Limpeza viaria.Maquinaria, instalación....	30000
1532.21400	Recollida de residuos. Vehículos.	2000
	TOTAL.....	52000

O presente expediente entenderase inmediatamente executivo ós efectos de proceder á contabilización do mesmo, sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da estimación de algunha alegación formulada ao mesmo.

SEGUNDO: Que se expoña ao público durante o prazo de QUINCE DÍAS HÁBILES, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno, conforme o preceptuado no artigo 179 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TR da Lei reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO: No suposto de non presentarse reclamacións contra este acordo, entenderase definitivamente aprobado, debendo cumprirse os trámites previsto no artigo 169 do RDL 2/2004. Noutro caso obrarase conforme o disposto no apartado 1 de dito artigo.

4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE OBRIGAS 1/2025 (EXPDTE 2025/C007/000002).

Visto o ditame da CI de Facenda, Desenvolvemento Local e Empresarial, Mar e Comercio de data 24/03/2025, que establece:

Visto o informe da Intervención municipal de data 18 de marzo de 2025, en relación co procedemento, lexislación aplicable e viabilidade do expediente, para proceder o recoñecemento extraxudicial dos créditos que a continuación detallanse, e donde consta que en aplicación do artigo 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, o recoñecemento de obrigas correspondentes a exercicios anteriores que, por calquer causa, non foran naquel ó que



correspondían, é competencia do Pleno da Corporación, e que neste caso concreto é posible a sua realización.

A Comisión Informativa de Facenda, Desenvolvemento Local e empresarial, Mar e Comercio, por unanimidade dos seus membros emite o seguinte **DITAME**:

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento dos créditos por importe de 27.458,77 € correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación.

SEGUNDO: Aplicar, con cargo o Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos polo importe de 27.458,77 € con cargo ás aplicacións orzamentarias que se relacionan.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal a sua contabilización nas partidas correspondentes.

A Alcadesa explica que este expediente se refire ás facturas que quedaron sen pagar do ano anterior.

Non suscitándose debate, o Pleno corporativo, por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o recoñecemento dos créditos por importe de 27.458,77 € correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan a continuación.

SEGUNDO: Aplicar, con cargo o Orzamento do exercicio 2025 os correspondentes créditos polo importe de 27.458,77 € con cargo ás aplicacións orzamentarias que se relacionan.

TERCEIRO: Que se proceda pola Intervención Municipal a sua contabilización nas partidas correspondentes.

5.- MOCIONS

5.1.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/229, 24/03/2025): SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ DE CARIÑO (EXPDTE 2025/X006/000049)

Carlos Castro le a moción presentada polo seu grupo.



No ano 1989 creouse o Xulgado de Paz e Rexistro Civil no concello de Cariño. Como ben é sabido, é prerrogativa de calquera Concello que non dispón de Xulgado de 1ª Instancia, ter o seu propio Rexistro Civil e polo tanto un Xulgado de Paz. De feito, isto facilita á poboación non ter que se desprazar ata o Xulgado de 1ª Instancia, situado no concello de Ortigueira, para facer un gran número de trámites imprescindibles no día a día. É evidente que os cidadáns precisamos algunha vez, algún dos documentos do devandito Xulgado/Rexistro. Paso a enumerar a documentación que podemos obter no Rexistro Civil de Cariño: Inscricións de nacemento, de defunción, de matrimonio (de todo tipo) con ou sen inscricións marxinais de separación de feito, legal, divorcio ou reconciliación; legalización e rexistro das escrituras de c apitulacións matrimoniais sobre réxime económico; p oderes xerais (con ou sen subsistencia de feito en caso de incapacidade), anotacións sobre incapacitacións, curatelas, designación de titores, poderes "Apud Acta" (que son poderes de representación necesarios para que un letrado ou un procurador nos representen en todos os procedementos xurídicos, que son gratuítos no Rexistro Civil, e que pola contra, terían un custo elevado en calquera notaría; comparecencias para cambios de nome ou de xénero (requisito obrigatorio previo ao cambio nos documentos oficiais: DNI, pasaporte, títulos académicos, testamentarias, etc...). Tamén se procede aos interrogatorios mandados polo Ministerio Fiscal, propios dos expedientes de matrimonio civil entre persoas estranxeiras. Fanse, do mesmo xeito, todo tipo de certificacións en extracto, literais e plurilingües sobre nacemento (indispensable para a obtención do DNI) , matrimonios e defuncións. Expídense tamén certificacións de Fe de Vida e de Estado Civil de obrigada presentación para cobrar as pensións do estranxeiro, para rescatar plans de pensións das entidades bancarias, para o cobro de seguros de vida, para obter ou conservar os Bonos Social Eléctrico, para tramitar as axudas e permisos de maternidade e paternidade. Tamén se rexistran a perda, adquisición ou cambio da nacionalidade española e a adquisición da Vecindade Civil Galega. A secretaria do Rexistro Civil elabora a estatística mensual para o Concello e o Instituto Nacional de Estatística, levando o recuento dos nacementos, abortos, matrimonios e defuncións. Tamén ten competencias para informar á Oficina do Censo Electoral en canto a cambios nas nacionalidades, xénero e nomes.

Ademáis de custodiar e conservar o arquivo de toda a documentación. Todo isto, sen contar co traballo que desenvolve para os xulgados, non só de Ortigueira (do que dependemos por xurisdición) senón tamén, como Auxilio Nacional, para o resto de xulgados de España e Auxilio Internacional. Paso a detallar algunhas tarefas: Comparecencias para a designación, nomeamento e aceptación de titores nos casos de incapacitación, rendición de contas anuais dos titores ante os distintos xulgados, atender a calquera exhorto de calquera xulgado para temas como son os procesos monitorios (reclamación de débedas), "ofrecementos de accións" da fiscalía, aportación de presupostos previos a xuízo; notificar, explicar e entregar documentación coma os Autos (sentenzas), Decretos, informar dos posibles recursos así como dos apercibimentos en caso de incumprimento. Entregar cédulas



de citación e informar das obrigas e dereitos. No caso de Autos penais firmes: notificarlle á persoa condenada a duración das penas e a opción, se procede, de escoller lugar para o seu ingreso en prisión (para o que teñen 10 días antes de perder esa posibilidade). Recoller declaracións para a fiscalía ou xuíces, ademais, no que incumbe aos menores, notificar a suspensión ou perda de custodia ou Patria Potestade, aprobación de convenios, dereitos de visita aos proxenitores e un longo etc. Por outra banda, realízanse Xuízos de Conciliación, tan necesarios para evitar chegar a un xuízo en Tribunal de Primeira Instancia, cun aforro significativo de custos e de trámites posteriores. Tamén consignan e custodian obxectos como poden ser documentos, correo, diñeiro, chaves e roupas pertencentes a persoas falecidas, mentres o Xulgado non localiza a algún familiar, se é o caso de localizarse. Para as persoas que residiron no estranxeiro, que teñen que legalizar algunha documentación ou acontecemento rexistrable coma poden ser nacementos, matrimonio, separación legal, divorcio, defunción, etc, incóase un expediente, levándoo a cabo e aportando a comparecencia así como a documentación desde o Rexistro Civil de Cariño que logo traspasa ao Rexistro Civil Central de Madrid, onde proceden á inscrición. Despois diso, devólveno cumprimentado a Cariño. Como se pode apreciar, estas tarefas son moitas e non se poden desenrolar en tres horas á semana, tendo en conta que ademais está a atención ao público. Ese é o caso da Secretaria que temos en Cariño desde hai case 5 anos. A súa elección para este posto ven determinado pola “Lei 19/1967, do 8 de abril, sobre modificación de determinados preceptos da Lei de Bases e de rectificación de plantillas do persoal auxiliar da Administración de Xustiza e de Xustiza Municipal” do 19 de xullo de 1944, que no seu artigo 2 di: “Nos Xulgados de Paz dos Concellos de poboación inferior a sete mil habitantes, as funcións do Secretario se desempeñarán, previa solicitude, por un Secretario da extinta clase C ou aspirante con título de aptitude que figuren nas escalas correspondentes. Se non houbera peticionario do Corpo poderán desempeñarse polo Secretario del concello respectivo, quen será substituído no caso de vacante ou a súa proposta por un funcionario administrativo da plantilla municipal, previa autorización do Ministerio de Xustiza. Cando non poidan facerse cargo da Secretaría ninguna das persoas mencionadas, o Ministerio poderá nomear, previo informe del Xuíz municipal ou comarcal respectivo, a calquera outra que reúna as suficientes condicións de idoneidade, e se non existise designará un funcionario dos que presten servizo nos Xulgados Municipal, Comarcal ou de Paz máis próximo, que deberá persoarse na localidade cando sexa necesario. O funcionario ou persona idónea que desempeñe as funcións de Secretario do Xulgado de Paz percibirá en concepto de indemnización a gratificación establecida na Disposición final cuarta da Lei 101/1976, do 28 de decembro, sobre retribución dos funcionarios ao servizo da Administración de Xustiza.”

Este posto, durante moitos anos foi desenvolto por unha persoa que tivo un vínculo laboral establecido por Decreto co propio Concello cunha praza de 10 horas semanais da categoría C2. Esta persoa renunciou e unha traballadora que pertencía ao Concello pasou a desenvolver as funcións da secretaría durante uns meses. Esta traballadora renunciou o 12



de agosto do 2020 con efectos desde o 13 de agosto do 2020. Nesa mesma data, e despois de que se fixeran todas as xestións preceptivas entre o persoal do Concello para coñecer se alguén do persoal municipal puidera estar interesado, e ao non atopar a ningún entre o mesmo, pasouse a escoller entre 3 persoas idóneas para desempeñar o cargo. Deste xeito, propónse por parte da Alcaldía, o nomeamento da actual secretaria do Xulgado de Paz e ratifícase o seu nomeamento no Pleno Municipal do día 2 de outubro do ano 2020, con maioría absoluta, con efectos desde o 13 de agosto do mesmo ano. A persoa que realiza desde esa data esta labor, para facilitarnos moitos trámites á veciñanza de Cariño, non ten a vinculación laboral co Concello de Cariño que si tiveron as súas predecesoras, polo que só recibe unha indemnización por parte da Xunta de Galiza (do Servizo de Xerencia de Xustiza). Para ser concretos recibe unha “indemnización” de 139€ ao mes que cobra cada trimestre. Esta cantidade percibida non é un salario como tal e tampouco leva aparelhada unha cotización á Seguridade Social. Tampouco ten outras indemnizacións por ter que desprazarse co vehículo propio para realizar xestións ou acudir ao Xulgado de Ortigueira a consulta, a por material, a levar obxectos consignados, etc. Recordar tamén que esta traballadora tivo un accidente diante deste edificio, entrando a traballar, o día 13 de maio de 2024, sufrindo lesións físicas ás que ninguén deste Goberno lle prestou atención, a pesares de ocorrer “in itinere”, e de que ela mesma puxese unha reclamación administrativa pedindo que se lle aclarara quen debía facerse cargo da súa situación (pois o Concello é responsable xa que depende del). Este é outro motivo polo que calquera traballador ten que ter garantido a protección que lle corresponde no seu posto de traballo. Para acabar, na actualidade, debido á aplicación da Lei 20/2011 do 21 de xullo, desaparece o Rexistro Civil tal e como o coñecíamos ata agora, xa que se está a implantar un novo modelo de Rexistro Civil. Polo tanto, o de Cariño pasa a ser unha OFICINA COLABORADORA MUNICIPAL DO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA E INSTRUCCIÓN N.1 DE ORTIGUEIRA. Dado que desaparecen os Libros de Familia, todos os rexistros que están inscritos en Tomos físicos en Cariño teñen que ser dixitalizados para inserilos no Rexistro Individual de cada persoa xa que todos os cidadáns pasaremos a ter un código, como o DNI. É evidente, que a carga de traballo vai a aumentar exponencialmente. Todo isto sen contar que tamén a carga de traballo derivada do Xulgado de Paz será superior, pois o Ministerio de Xustiza quere alixerar a carga que teñen os Xulgados de 1ª Instancia aumentando para iso as competencias dos Xulgados de Paz. Trátase, como no caso do Rexistro Civil Único para toda España, accesible electrónicamente, de achegar a Xustiza aos cidadáns.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) propón o seguinte ACORDO: 1.- INSTAR AO GOBERNO MUNICIPAL, DENTRO DA LEXISLACIÓN ACTUAL, A VINCULAR LABORALMENTE A ESTA TRABALLADORA CO CONCELLO DE CARIÑO PARA QUE, CUN CONTRATO LABORAL POLAS HORAS QUE EFECTIVAMENTE TRABALLA, POIDA PERCIBIR UN SALARIO E UNAS COTIZACIÓNS SOCIAIS QUE LLE DEAN SEGURIDADE E COMPENSE O SEU



**DESEMPEÑO NO POSTO DE SECRETARIA DO XULGADO DE PAZ E REXISTRO CIVIL DE CARIÑO
TRAS CASE 5 ANOS TRABALLANDO CON DEDICACIÓN DE FORMA GRATUÍTA.**

Laura García comenta que eles consideran que a través de unha moción non se pode tratar este tema. Explica que mediante resolución alcaldía 334/2020, de 12/08/2020, propónse a María Vicenta Galdo Paineira como secretaria do xulgado de paz, por considerar que a mesma é persoa idónea para o desenvolvemento das funcións propias do cargo e que esta persoa idónea non ten ningún tipo de vinculación laboral co Concello de Cariño.

Engade que no BOP de 24/05/2022 foi publicada a oferta de emprego público, na que se convocaba unha praza de auxiliar administrativa (de administración xeral) a xornada parcial, pola vía da estabilización de emprego temporal (praza non vinculada ao xulgado de paz) e que a dita praza se presentou a actual secretaria do xulgado de paz, non persoándose no exame de galego, e polo tanto, quedando excluída de dito procedemento, e que a praza é ocupada actualmente por persoal laboral fixo.

Laura García continúa indicando que o BNG na súa moción propón: *instar ao goberno municipal, dentro da lexislación actual, a vincular laboralmente a esta traballadora co concello de cariño para que, cun contrato laboral polas horas que efectivamente traballa, poida percibir un salario e unas cotizacións sociais que lle dean seguridade e compense o seu desempeño no posto de secretaria do xulgado de paz e rexistro civil de cariño tras case 5 anos traballando con dedicación de forma gratuíta.*

Explica que aparte do feito de que crear unha praza de secretaria do xulgado de paz é unha decisión que entra dentro do ámbito de autoorganización municipal, que é sabido que o acceso ao emprego público se realiza mediante os sistemas de oposición e concurso que marca a lei, respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade, polo que calquera persoa pode presentarse a unha praza convocada pola administración pública.

Di que hai que diferenciar estes dous conceptos, por un lado o carácter de idoneidade polo que se elixiu á actual secretaria do xulgado que conleva un nombramento directo sen ningún tipo de requisito, e por outro lado, o acceso a un posto de traballo na administración pública, que non pode ser directo e que conleva unhas principios que hai que respectar.

Toma a palabra Jonathan Miranda indicando que teñen dúbidas respecto á moción presentada polo BNG, xa que entenden que non cumpre a legalidade vixente o feito de contratar directamente a unha persoa sen un proceso selectivo. Explica que queren distinguir dúas cousas, que non están de acordo coas condicións coas que foi nomeada esa persoa, pero que iso non depende do Concello e que soamente poden pedir aos diversos organismos que se



cambien ditas condicións. Engade que se pode plantexar a situación do servizo e que as horas non sexan as suficientes, e que depende deles crear unha praza para que alguén desempeñe esa función. Cren que sería interesante retirar a moción e que se reúna a xunta de portavoces para tomar unha decisión.

Carlos Castro comenta que se trata de unha pelexa de fai moito tempo e que non se buscaron solucións. Indica que nalgún concello se fai cargo xustiza e que eles non teñen novas de que ninguén se movera neste aspecto. Explica que esa praza non era para ese posto de traballo.

Laura García di que no seu día esa praza estivo cuberta, pero que non se pode contratar a unha persoa directamente, que sería o mesmo facer un proceso para contratar a cinco operarios e collelos a dedo, que iso non é legal. Que está de acordo en que hai necesidades como ben establece a moción, pero que hai cousas que non entran dentro da legalidade vixente.

Carlos Castro di que a partir do 12 de maio que virán os problemas, que levan un ano esperando pola reunión da xunta de portavoces, e insiste en que hai que reunirse. Que este tema é un problema urxente por todas as modificacións que se van facer dende xustiza.

Jonathan Miranda entende que o pleno non é o cauce adecuado para solucionar este tema.

Ana M^a López explica que eles sí se interesaron polo tema, que ela chamou persoalmente a xustiza, e que lle dixeron que esa praza dependía de xustiza e non do Concello. Que ela lles comentou que as horas que se facían eran poucas, pero que nada lle contestaron dende xustiza con respecto a iso. Que ela entende a posición de esa persoa e que non está de acordo coas condicións que ten, pero que tamén é certo que se fixo un proceso selectivo e que ela non se presentou a unha das probas. Que o BNG plantexa unha solución que non é legal, e que o que hai que mirar é de que maneira se poden aumentar horas.

Carlos Castro di que é consciente que o tema resulta complexo e que non ten moi claro que a vinculación soamente sexa con xustiza. Pide que se reunan rápido para buscar unha solución.

Jonathan Miranda di que el está de acordo en que se reúnan canto antes. Engade que a lexislación di que o posto de secretaria do xulgado pode ser exercido por persoa idónea, pero o que non pode ser é que unha persoa idónea se convirta en persoal municipal, e que hai que buscar solución a esas tres horas de prestación do servizo que non son suficientes, e que non sabe se hai que falalo con xustiza co ministerio, ou con ámbolos dous.

O Pleno corporativo, por catro votos en contra do grupo municipal do PP, dúas abstencións do grupo municipal do PsdGA e tres votos a favor do grupo municipal do BNG **ACORDA REXEITAR DITA MOCION.**



5.2.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA (2025/181, 06/03/2025): CREACIÓN INMEDIATA DUNHA UNIDADE DE REHABILITACIÓN CARDÍACA NA ÁREA SANITARIA DE FERROL (EXPTE 2025/X006/000060)

Le a moción o concelleiro do Partido socialista Jonathan Miranda:

Segundo a OMS, “a Rehabilitación Cardíaca (RC) é un conxunto de actividades necesarias para asegurar ás persoas afectas de cardiopatías unha condición física, mental e social óptima, que lles permita ocupar, polos seus propios medios, un lugar tan normal como lles sexa posible na sociedade” (ano 1964). En España, a cardiopatía isquémica é a primeira causa de mortalidade provocando un elevado custo económico, social e unha deterioración importante da calidade de vida das persoas afectadas. Os programas de Rehabilitación Cardíaca son sistemas terapéuticos multifactoriais, destinados a persoas que padecen enfermidades do corazón. Neles, coa práctica de exercicio físico programado e a actuación sobre os factores de risco cardiovascular, conséguense ralentizar a progresión da arteriosclerosis e unha diminución de novos episodios coronarios, así como o número de hospitalizacións e mortalidade por cardiopatía isquémica, mellorando o benestar das persoas afectadas por esta doenza e a súa reinserción sociolaboral. As guías de práctica clínica internacionais recomendan sistematicamente que os pacientes con enfermidades cardíacas participen nos programas de RC para a prevención secundaria integral, con máxima evidencia, segundo o rexistro COCHRANE realizado en 2019. O momento en que se debe iniciar unha RC xorde coa denominada Fase I: fase de ingreso hospitalario dirixida a non perder masa muscular ou elasticidade co repouso. A Fase II: É o período máis importante da rehabilitación. Iníciase tras o alta hospitalaria comprendendo os dous primeiros meses. Nesta fase prográmase o nivel de exercicio de cada doente, segundo as súas características clínicas e proba de esforzo, tentando evitar complicacións. A Fase III: debe durar toda a vida do doente. Tenta unha reintegración do doente á súa contorna sociolaboral e familiar. Interesa lembrar os indicadores nas unidades de rehabilitación cardíaca, onde se conseguen magníficos resultados nas persoas afectadas por esta doenza, así podemos ver que:

1) O 70% dos doentes conseguen obxectivos de control lipídico <55 mg/dl. Para iso o 80% dos doentes reciben tratamentos combinados con estatina de alta potencia e ezetimiba. O 5% reciben terapias con IPCSK9.

2) O 60% dos doentes son hipertensos, deles o 90% terminan os programas coa hipertensión arterial controlada.

3) O 35% son fumadores ao comezo dos programas, pero o 93% consegue o cesamento do tabaquismo ao alta.



4) O 27% ten diabetes e ao alta o 90% reciben tratamento con protección cardiovascular e renal.

5) O 63% dos atendidos teñen sobrepeso ou obesidade e a metade deles perden peso, mesmo en programas curtos.

6) O 80% dos doentes melloran máis dun MET a capacidade funcional ao terminar o programa de rehabilitación cardíaca

A instalación de Unidades de Rehabilitación Cardíaca, en Galicia non é equitativa, en relación as áreas sanitarias existentes. Unha situación que debe ser corrixida para evitar a desigualdade social e que o peso do código postal dos doentes galegos, sexa o maior factor de desequilibrio territorial. Por elo, é esixible e necesario que todos os hospitais galegos, dispoñan de unidades de rehabilitación cardíaca, ben dotadas de recursos técnicos e humanos. Na actualidade, en Galicia, existen seis unidades de RC no Servizo Galego de Saúde: Lugo, Santiago, Ourense, Pontevedra, Vigo e Barbanza. A Unidade máis antiga é a de Lugo, contando con novas instalacións no hospital Lucus Augusti. A unidade de RC do Hospital Universitario de Santiago conta cun Programa Multidisciplinar de Rehabilitación Cardíaca da sanidade pública compostelá, valorando a máis de 2.000 doentes desde a súa posta en marcha en 2015. Colabora cunha unidade de RC no centro de saúde da Estrada, con doentes de baixo risco. No Clínico conseguiron reducir a morbilidad nun 25% entre quen sufriron algún episodio cardíaco. Na área compostelá, o hospital comarcal de Barbanza dispón dunha pequena unidade de RC para unha poboación de 60.000 habitantes. Na área de Pontevedra a colaboración entre varios servizos sanitarios, Cardiología, Medicina Física e Rehabilitación, permitiu no 2021, crear no CHUP unha Unidade interdisciplinar de RC, que abarca a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés e prevé atender unha media de 16 doentes á semana e uns 200 cada ano. A Unidade atópase na cuarta planta do Hospital Montecelo e contará cun cadro profesional formado por un médico de Cardiología, un facultativo de Rehabilitación, dous técnicos de Fisioterapia e un efectivo de Enfermería. A Unidade de RC do Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo, foi ampliada recentemente, para atender 200 doentes cada ano. A Área sanitaria de Ourense, incorporou, neste ano 2024, unha Unidade de RC no CHOU, cunha media de atención de 30 doentes a semana.

Pero na Área Sanitaria de Ferrol, carecemos de Unidade de Rehabilitación Cardíaca. Un feito incomprensible, dado que a Área Sanitaria de Ferrol é unha das que teñen maior incidencia de episodios de insuficiencia cardíaca o que fai prioritario a existencia de ese servizo. A Área de Ferrol, conta cunha poboación de máis de 3000 doentes que superaron un episodio de cardiopatía e que precisarían da atención de estes servizos de rehabilitación cardíaca. A incidencia anual é de máis de 500 infartos de miocardio que, por fortuna, en gran parte actualmente se recuperan, pero que precisan dunha atención especializada e dun proceso específico de rehabilitación. Pero estes doentes, atópanse totalmente desprotexidos e abandonados polo Servizo Público Galego de Saúde xa que, o Complexo Hospitalario



*Universitario de Ferrol, non dispón desa necesaria Unidade de Rehabilitación Cardíaca. Por elo, os doentes de cardiopatía da área de Ferrol, teñen que desprazarse a Santiago ou a Lugo que son os hospitais públicos mais próximos que dispoñen deste servizo. Isto supón unha grande dificultade, para as persoas que padecen esta doenza e as súas familias, xa que o traslado ten que realizarse por medios propios ou públicos, xa que non son atendidos polo transporte sanitario. Este desprazamento, conleva un custe adicional que, en moitas ocasións, non pode ser afrontado polos doentes de sectores económicos vulnerables, o que aumenta aínda máis a desigualdade a hora de acceder a un servizo público esencial, como é a sanidade, que debería ser unha das principais preocupacións da Consellería de Sanidade. En suma, entendemos que non é de recibo que a Consellería de Sanidade manteña a Área sanitaria de Ferrol sen este servizo tan importante para a saúde e a calidade da atención sanitaria da nosa poboación, un feito que supón unha desigualdade e agravio manifesto e inaceptable, con respecto as outras áreas sanitarias galegas que si dispoñen de este servizo. Por todo exposto, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**: Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata dunha Unidade de Rehabilitación Cardíaca na Área Sanitaria de Ferrol para dar servizo aos numerosos doentes de cardiopatías existentes na mesma.*

A Alcaldesa comenta que o seu grupo vai a votar en contra da moción xa que se están a facer determinadas modificacións e ampliando o hospital de Ferrol. Indica que se require unha completa planificación para ter en conta os espazos disponibles e o director do hospital de Ferrol prevé ampliar a unidade de cardioloxía. Engade que os pacientes están atendidos polos cardiólogos e que resulta necesario que o servizo se amplíe, e iso é o que están a facer.

Jonathan Miranda dille que soamente faltaría que os cardiólogos non atenderan aos pacientes, pero que están a falar de que inclúan unha unidade de rehabilitación cardíaca que teña un equipo multidisciplinar, que non o hai en Ferrol.

Ana M^a López insiste en que se está a ampliar ese servizo

Jonathan Miranda dille que fai dez anos que se creou a primeira unidade e que Ferrol é o último.

Carlos Castro di que van a votar a favor da moción, que en Galicia non pode haber habitantes de primeira e segunda, e que Galicia xa ten o problema das distancias.

O Pleno corporativo, por cinco votos a favor dos grupos municipais do PsdGA e BNG e catro votos en contra do grupo municipal do PP,

ACORDA:

Instar á Xunta de Galicia á creación inmediata dunha Unidade de Rehabilitación Cardíaca na Área Sanitaria de Ferrol para dar servizo aos numerosos doentes de cardiopatías existentes na mesma.



5.3.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA (2025/181, 06/03/2025): CONMEMORACIÓN DÍA INTERNACIONAL DA MULLER (EXPTE 2025/X006/000060)

Le a moción o concelleiro do Partido socialista Jonathan Miranda:

A igualdade entre mulleres e homes non só é un dereito humano fundamental e unha cuestión de xustiza, senón que é un dos piares básicos para conseguir un mundo pacífico, próspero e sostible. Consegúronse algúns avances durante as últimas décadas, pero o mundo está lonxe de alcanzar a igualdade entre mulleres e homes para 2030 como se recolle nos obxectivos de desenvolvemento sostíbeis de Nacións Unidas. Avanzar na igualdade entre mulleres e homes é fundamental para crear unha sociedade sa en todos os seus ámbitos, desde a redución da pobreza ata a promoción da saúde, a educación, a protección e o benestar. O lema elixido por nacións Unidas para este ano é “Para TODAS as mulleres e nenas: Dereitos. Igualdade. Empoderamento” ao que nos unimos e reivindicamos. As mulleres e as nenas constitúen a metade da poboación e, polo tanto, tamén a metade do seu potencial. Pero a desigualdade por razón de xénero prevalece e estanca o progreso social, por iso é vital que traballemos polo empoderamento das mulleres, especialmente das mozas e as nenas do noso país. Empoderamento significa xerar maior autonomía para as mulleres, recoñecer e visibilizar as súas achegas. Empoderarse implica participar plenamente en todos os sectores: o económico, o político e o social. Deste xeito constrúense países e economías máis fortes e xustas, máis estables e que contribúen a mellorar a vida de todas as persoas, e este é sen dúbida un reto do Partido Socialista. A realidade demostra que son moitas as áreas onde a fenda de xénero, as diferenzas entre mulleres e homes, é aínda un lastre para a nosa democracia e unha manifesta inxustiza para as mulleres. No ámbito do emprego as diferenzas fóronse reducindo, pero aínda amosan un mercado laboral que penaliza ás mulleres galegas nos seus salarios, que segundo o informe de UGT-Galicia sobre a fenda salarial, están case un 18% por baixo dos homes. As mulleres galegas perciben un salario medio semellante ao que tiñan os homes fai 13 anos, e ocupan o 2º posto de menor retribución por hora percibida de todo o Estado. Tratar a todas as mulleres e homes de forma equitativa no traballo é un dos fundamentos esenciais da igualdade de xénero e do noso obxectivo de empoderamento. Por isto, aínda que as diferenzas salariais seguen sendo moi significativas, a fenda salarial en Galicia 2 reduciuse nun 3,6 desde o ano 2018 ao 2022, entre outras cousas grazas á continua subida do salario mínimo interprofesional. Fai seis anos, o SMI situábase en 10.302,6€ ao ano; en 2025 alcanza xa os 16.576€ brutos anuais. Incrementouse nun 61% desde entón. Nunca o SMI subira con esa intensidade e as maiores beneficiarias desta subida foron as mulleres que precisamente cobran os salarios máis baixos. Pois o 40,5% das mulleres asalariadas teñen ingresos menores ou iguais ao SMI, fronte ao 27,9% dos homes. Para seguir pechando a fenda de xénero no mercado laboral,



debemos traballar para implementar políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres nas ocupacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), empezando pola sensibilización e a promoción na infancia e a mocidade, buscando sinerxias entre as empresas, entidades, asociacións e institucións, que sirvan para motivar ás nenas e mozas para que non se pechen portas e descubran as oportunidades que estas disciplinas lles ofrecen. Que as mulleres ocupen a maior parte dos contratos a tempo parcial (o 73,58%) e temporais (o 59,44%), ou ocupen postos de menor responsabilidade ten moito que ver coa conciliación da vida familiar e laboral, cos usos do tempo. Hai máis mulleres que homes que coidan doutras persoas a diario, as excedencias non retribuídas por coidados de familiares en Galicia medraron no ano 2023 o dobre que en España chegando a 1607, e destas o 81% corresponden a mulleres, máis de 1300. Pero nos últimos seis anos puxéronse en marcha medidas pioneiras para alcanzar a igualdade entre mulleres e homes, igualándose e ampliándose o permiso de maternidade e paternidade de forma non transferible, promovendo a corresponsabilidade no coidado dos fillos e fillas. Debemos impulsar unha acción política integral que permita un gran pacto galego pola corresponsabilidade nos coidados. Este pacto é necesario para acadar o obxectivo de redución do diferencial das horas que mulleres e homes dedican ao traballo doméstico e de coidados. A redución da xornada laboral a 37'5 horas xa é un gran paso. Promover a igualdade entre mulleres e homes a todos os niveis significa garantir a presenza de mulleres nos espazos de poder do sector público, das grandes empresas, das sociedades cotizadas ou dos colexios profesionais. A Lei de paridade, sen ningunha dúbida, demostra ser a mellor ferramenta a día de hoxe para acabar co déficit democrático actual. Empoderarse é adquirir conciencia individual e colectiva, gañar confianza e autoestima, ter poder para decidir na vida cotiá. Por iso debemos traballar de maneira decidida pola coeducación, xa que os centros educativos non son neutros. A escola forma parte da contorna e reproducía e é por iso que incluír os valores de igualdade, tolerancia e diálogo é altamente transformador. Para levar a cabo unha educación en igualdade, o primeiro paso é modificar aqueles contidos educativos que conteñan unha linguaxe sexista, e eliminar calquera tipo de estereotipo de xénero do mesmos, así como modificar calquera espazo da contorna educativa que non favoreza a igualdade entre homes e mulleres. 3 Ademais, as relacións afectivas e sexuais entre a mocidade continúan a estar atravesadas en gran medida polo sexismo, e que, ao non haber educación sexual na escola, o baleiro éncheo o porno máis misóxino e violento. Un obxectivo concreto é conseguir que ao remate da ESO as persoas mozas teñan os recursos necesarios para construírse en modelos afectivo-sexuais baseados en relacións igualitarias, no bo trato e o respecto a todas as opcións persoais. Debemos protexer ás e aos menores nas contornas dixitais fronte á pornografía e a incitación á prostitución. De aí a importancia de impulsar decididamente a educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas. Dende o PSdeG-PSOE avogamos por unha crianza e educación baseadas no respecto ao libre desenvolvemento das e dos menores, que recoñeza e analice cales son as barreiras que limitan o pleno desenvolvemento do talento feminino. Traballando por erradicar actitudes sexistas desde a infancia e facilitar, así, a igualdade efectiva entre homes e mulleres. Para iso debemos ensinar aos nenos e nenas que as súas capacidades non están limitadas polo seu



sexo, a detectar e evitar actitudes tóxicas e situacións de malos tratos para poder relacionarse de igual a igual en calquera contexto, xa sexa de amizade, de parella, de estudos ou laboral, que as mulleres non son obxecto de consumo, venda ou alugueiro Hai mais dun ano aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei 7/2023 de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia. Transcorrido este tempo, as e os socialistas cremos que compre facer balance da implementación desta lei co fin de poder mellorar aqueles aspectos que teñan aínda eivas e deficiencias. Esixindo o cumprimento de todo aquilo que estando contemplado na lei, non se está poñendo en práctica, converténdose por tanto nunha mera declaración de intencións, que non contribúe de xeito real e eficaz ao camiño cara a igualdade entre mulleres e homes en Galicia. O noso compromiso coa igualdade entre mulleres e homes é firme e abarca todos os ámbitos da vida pública e privada. Só a través dunha acción política transversal e integral poderemos construír unha sociedade verdadeiramente igualitaria e xusta para todas e todos. Por todo exposto e para seguir avanzando cara a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Cariño, propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Implementar políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres nas ocupacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), empezando pola sensibilización e a promoción na infancia e a mocidade, dando maior visibilidade ás figuras femininas na ciencia para contribuír a que as nosas nenas teñan modelos de referencia que fomenten a súa vocación científica.
2. Impulsar a aprobación dun gran pacto galego polos coidados corresponsables en colaboración coa Xunta de Galicia, coas entidades sociais, co tecido sindical e coa patronal. Poñendo no centro da axenda política a necesidade de transformar o modelo de 4 coidados desde un enfoque de dereitos.
3. Impulsar cambios culturais que permitan reformular a maneira en que entendemos a relación entre o traballo, a vida persoal e a familiar, desde a igualdade entre mulleres e homes e desde o benestar, coa mirada posta na corresponsabilidade na conciliación.
4. Realizar campañas de sensibilización dirixidas aos homes sobre o imprescindible que é a corresponsabilidade na conciliación.
5. Levar a cabo accións para protexer ás e aos menores nas contornas dixitais fronte á pornografía e a incitación á prostitución. Impulsando decididamente a coeducación e educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas, promovendo a elaboración de material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.
6. Instar á Xunta de Galicia a implementar a Lei 7/2023 de 30 de Novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia.

Jonathan Miranda pregunta ao equipo de goberno porqué non se organizou ningunha actividade para conmemorar o día 8 de marzo.



Laura García resposta que a Deputación non enviou o manifesto, que coincidía fin de semana, e que nos concellos veciños tampouco se organizou nada. Engade que eles traballan os 365 días do ano, que o Concello está adherido ao Centro de Información á Muller, que están a impulsar unha campaña, con varios Concellos, contra as violencias machistas e que están a traballar no PAI e no IES Cabo Ortegal en actividades que fomenten a igualdade entre homes e mulleres.

Jonathan Miranda que está equivocada, que o Concello de Cedeira convocou unha concentración o 8 de marzo ás 19:00 horas e que leron un manifesto.

Laura García dille que cre que ese acto non foi directamente do Concello.

Jonathan Miranda comenta que se trata de un tema que hai que conmemorar aínda que está de acordo en que sexan os 365 días do ano, e que non hai que agardar a que a Deputación envíe un manifesto.

Carlos Castro di que van a votar a favor, que hai que reivindicar sobre todo a desaparición da fenda salarial entre homes e mulleres.

O Pleno corporativo, por cinco votos a favor dos grupos municipais do PsdGA e BNG e catro votos en contra do grupo municipal do PP,

ACORDA:

1. Implementar políticas que favorezan e melloren a integración laboral das mulleres nas ocupacións STEM (ciencia, tecnoloxía, enxeñería e matemáticas), empezando pola sensibilización e a promoción na infancia e a mocidade, dando maior visibilidade ás figuras femininas na ciencia para contribuír a que as nosas nenas teñan modelos de referencia que fomenten a súa vocación científica.

2. Impulsar a aprobación dun gran pacto galego polos coidados corresponsables en colaboración coa Xunta de Galicia, coas entidades sociais, co tecido sindical e coa patronal. Poñendo no centro da axenda política a necesidade de transformar o modelo de 4 coidados desde un enfoque de dereitos.

3. Impulsar cambios culturais que permitan reformular a maneira en que entendemos a relación entre o traballo, a vida persoal e a familiar, desde a igualdade entre mulleres e homes e desde o benestar, coa mirada posta na corresponsabilidade na conciliación.

4. Realizar campañas de sensibilización dirixidas aos homes sobre o imprescindible que é a corresponsabilidade na conciliación.

5. Levar a cabo accións para protexer ás e aos menores nas contornas dixitais fronte á pornografía e a incitación á prostitución. Impulsando decididamente a coeducación e educación afectivo-sexual baseada no respecto, a igualdade e a dignidade das persoas,



promovendo a elaboración de material informativo actualizado en materia de sexualidade que recolla recursos dirixidos ás familias.

6. Instar á Xunta de Galicia a implementar a Lei 7/2023 de 30 de Novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes en Galicia.

5.4.- MOCION PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG (2025/230, 24/03/2025): PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA MACROCELULOSA DE ALTRI EN PALAS DE REI (EXPDTE 2025/X006/000050)

Le a moción Carlos Castro.

O proxecto de construción dunha macrofactoría de pasta de celulosa no concello de Palas de Rei, impulsada pola Xunta do PP e a empresa portuguesa Altri, acendeu todas as alarmas da sociedade galega cando se soubo que a empresa escollera Galiza para se instalar como segunda opción, unha vez que non lle era posíbel facelo en Portugal. Nun primeiro momento presentouse este proxecto como unha iniciativa centrada na produción circular de fibras téxtiles, mais pouco despois púidose comprobar que o propósito real era a fabricación de pasta de celulosa soluble (máis do 70% da produción) destinada en gran parte á exportación. Este proxecto industrial tería consecuencias devastadoras para o territorio e o medio ambiente, non só na comarca da Ulloa, senón tamén en toda a Ría de Arousa e nas localidades que se abastecen do río Ulla. A extensión da factoría, que ocuparía 366 hectáreas e que prevé a ocupación de case un millón e medio de metros cadrados, incluíndo unha cheminea de 75 metros de altura, tería un impacto paisaxístico irreparábel. A nova factoría requiriría inxentes cantidades de auga do río Ulla e provocaría vertidos de augas residuais altamente contaminantes, o que afectaría á calidade das augas e á biodiversidade tanto do Ulla como da ría de Arousa. A actividade económica e o emprego na zona tamén sufrirían un impacto negativo, que non se compensaría para nada coas promesas e cantos de serea da Xunta de Galiza sobre a posíbel creación de emprego desde empresa pasteira. O mesmo acontecería coa economía e os sectores produtivos de toda a ría de Arousa, pois a vertedura de 30.000 metros cúbicos diarios de auga contaminada tería unha afección clarísima na calidade das augas dunha ría que xa está vivindo neste momento unha crise produtiva sen precedentes. O impacto ecolóxico deste proxecto é alarmante, dado que a zona está en proceso de ampliación da Rede Natura 2000 e alberga hábitats e especies en perigo de extinción. As emisións contaminantes representarían un risco para a saúde pública, a calidade dos solos e o uso residencial na área circundante. Ademais, o proxecto ameaza a protección do Camiño de Santiago e outros bens culturais da contorna. Unha nova pasteira no corazón de Galiza agravaría o grave problema que xa sofren os montes galegos, condicionando aínda máis a política forestal e afondando na expansión descontrolada do eucalipto, cando o que realmente se precisa é reverter a situación xerada polo modelo da Xunta do PP da man de ENCE na ría de Pontevedra. A xunta de Galiza do PP vén de outorgarlle a este proxecto a autorización de impacto ambiental, consumando así unha traizón a Galiza sen precedentes, poñendo por diante dos intereses da sociedade galega os



seus intereses propios e os dunha empresa portuguesa, da que, ademais, é socia a ex conselleira de Medio Ambiente Beatriz Mato. A pesar disto, o proxecto de Altri aínda non conta coa luz verde ambiental. Faltan procesos decisivos como a Autorización Ambiental Integrada ou a concesión da captación de auga no encoro de Portomouros, entre outros. É agora cando máis cómpre que o conxunto da sociedade galega se mobilice e reitere o seu rexeitamento rotundo a un proxecto que atenta de forma clara contra a saúde e o futuro de miles de galegas e galegos. Polo anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG do concello de Cariño presenta para a súa aprobación polo pleno da corporación esta moción, propoñendo a adopcións dos seguintes

ACORDOS:

1. Expresar a oposición da corporación á megacelulosa contaminante de Altri, dado que perpetúa un modelo de dependencia e explotación, fomenta a expansión da plantación de eucalipto e ocasionaría diversas repercusións negativas para todo o país, para as comarcas próximas á megafactoría, así como para o río Ulla e a ría de Arousa.
2. Condenar a actuación da Xunta de Galiza neste proceso por antepoñer os intereses dunha empresa privada portuguesa aos intereses da sociedade galega.
3. Solicitar ao Goberno do Estado que non traizoe a Galiza outorgándolle fondos públicos á empresa portuguesa Altri para a construción desta macrocelulosa en Palas de Rei.
4. Instar ao goberno municipal a promover e facilitar cos medios ao seu alcance a asistencia da veciñanza ás convocatorias e mobilizacións sociais contra este proxecto.
5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado.

Ana M^a López di que o seu grupo vai a votar en contra porque parece increíble de que antes das eleccións o grupo do BNG votaba a favor da instalación desta empresa, e tanto Concellos do BNG como do PSOE pedían a instalación desta macrocelulosa en determinados Concellos. Engade que pasadas as eleccións que se produce un cambio radical e que agora está empresa é contaminante, e que se trata de unha moción que non cre que afecte moito a Cariño.

Carlos Castro pregunta se non hai eucaliptos en Cariño.

A Alcaldesa dille que si, pero que os veciños poden decidir o que queren facer cos seus montes. Dilles que non utilicen un vocabulario tan alarmista, que parece que falan de que o goberno galego salta todas as normas da Unión Europea. Di que cando hai un proxecto de instalación dunha empresa, que se piden informes previos, e que o mesmo pasou en Cariño co proxecto do dragado, e que ao final constatouse que as obras se fixeron ben, agás algunhas cousas que a empresa adjudicataria realizou mal.

Engade que son inversións boas para o territorio galego, que é bo que a xente poida traballar as súas terras e que non teña que emigrar, e que defende que se instalen este tipo de empresas coas medidas que estableza a lei.



Carlos Castro pon o exemplo do caso recente de Sogarisa que lle explotou á Xunta na cara. Di que sempre empregan o mesmo argumento de que se votou a favor, e que non era ese o proxecto que era outro totalmente distinto. Indica que o proxecto cambiouse totalmente en relación co aprobado, e que o BNG e o PSOE que nunca votaron a favor de Altri. Explica que na zona de Palas que hai unha riqueza increíble en gandería de calidade ecolóxica, e que a ría de Arousa é unha das máis produtivas en marisco de Galicia, e que hai unha perda de moitos millóns.

A Alcaldesa dille que se trata dun problema de toda a costa galega, e que hai que ter claro que a auga debe de ser depurada.

Carlos Castro di que non ven certas problemática co tema dos eucaliptos, e que hai que axudar á xente a que decida outras cousas. Di que a problemática que por exemplo hai aquí co xabará, que ten que ver co monte. Que o feito de que o monte cambiara tanto en tan poucos anos que modificou todo o sistema ecolóxico actual, e que o eucalipto lle quitou moito terreo aos animais. Engade que a Xunta de Galicia debe facilitar a subvención aos árbores autóctonos que son os que manteñen o equilibrio.

Toma a palabra Pablo Fraguela, di que a maior parte da xente que ten plantacións de eucaliptos, e que as empresas madeiristas presionan ás comunidades de montes. Que os informes da Xunta de Galicia que non son públicos, que a maior parte deles están feitos por entidades privadas que van a dicir o que quere o goberno.

A Alcaldesa pregúntalle se todo está manipulado pola Xunta.

Pablo Fraguela dille que son informes que determinados funcionarios da Xunta de Galicia se negan a facer pola propia presión que a Xunta exerce sobre eles.

Ana M^a López dille que a presión a poñen eles e non os de fóra, e que por iso a Xunta acudiu a empresas independentes.

Pablo Fraguela comenta que na universidade pública non hai nin un só científico que avale este proxecto, e como isto pasa en Palas de Rei tamén podería pasar en Cariño. Insiste en que o beneficio vai a ser para unha empresa privada, e que hai intereses do Partido Popular nesa empresa, e que por iso se está instalando.

A Alcaldesa di que hai que pasar a criba dos informes medioambientais, dos de viabilidade, etc..e que lle parece increíble que dubiden de todo iso.

Pablo Fraguela di que se está a falar dunha industria extractiva, e que as consecuencias medioambientais que se pagan. Pon o exemplo da mina de litio en Ourense. E que en xeral, se trata de un custo-beneficio, que todo contamina e que ese impacto eleva o beneficio fóra. Tamén pon o exemplo da Alcoa que ten un impacto grande pero que na Mariña fai vivir a un sector grande da poboación.

Miguel Pérez pregúntalle se Altri lle vai a afectar a Cariño, e Pablo Fraguela dille que sí, que pode haber proxectos semellantes en Cariño.



Toma a palabra Jonathan Miranda, di que o seu grupo está de acordo coa moción. Explica que se se fai un seguimento das novas, que se falaba fai unos anos que ía ser un tema ecolóxico, e que agora o tema cambiou, convertíndose nunha macrocelulosa. Que tamén se falaba de dous mil ou máis postos de traballo, e que agora xa son menos. E que con respecto ao tema dos informes, que unha cousa son os informes e outra o que vai a facer a empresa. Engade que a Xunta de Galicia contratou informes externos pola non independencia dos funcionarios públicos, e que eles consideran que os funcionarios públicos se son bos funcionarios que non responden a presións de ningún tipo.

A Alcaldesa dilles que a integridade dos funcionarios que a atacan eles.

Jonathan Miranda pon de exemplo o dragado do porto, di que se paralizou porque non se estaban a cumprir os informes.

O Pleno corporativo, por cinco votos a favor dos grupos municipais do PsdGA e BNG e catro votos en contra do grupo municipal do PP,

ACORDA:

1. Expresar a oposición da corporación á megacelulosa contaminante de Altri, dado que perpetúa un modelo de dependencia e explotación, fomenta a expansión da plantación de eucalipto e ocasionaría diversas repercusións negativas para todo o país, para as comarcas próximas á megafactoría, así como para o río Ulla e a ría de Arousa.

2. Condenar a actuación da Xunta de Galiza neste proceso por antepoñer os intereses dunha empresa privada portuguesa aos intereses da sociedade galega.

3. Solicitar ao Goberno do Estado que non traizoe a Galiza outorgándolle fondos públicos á empresa portuguesa Altri para a construción desta macrocelulosa en Palas de Rei.

4. Instar ao goberno municipal a promover e facilitar cos medios ao seu alcance a asistencia da veciñanza ás convocatorias e mobilizacións sociais contra este proxecto.

5. Dar traslado destes acordos á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado.

6. ROGOS E PREGUNTAS.

Carlos Castro realiza o seguinte ROGO:

-Que se busque un método de transmisións dos plenos.

A continuación formula as seguintes PREGUNTAS:

-Pregunta polo campamento de semana santa, se saben se se vai a celebrar.



Laura García contesta que sí, xa que se acadou o mínimo de matrícula, e que xa se publicou o listado definitivo.

Pregunta Carlos Castro se se realiza coa mesma empresa, ao que Laura García resposta afirmativamente, xa que é a empresa que ten o contrato.

-ROGA que se celebre unha reunión antes do verán para ver o tema da regulación do tránsito das caravanas polo Concello e así evitar tensións entre a cidadanía.

A Alcaldesa dille que o consultará coa secretaria.

-Pregunta se houbo avances no proxecto do alumado do campo de fútbol.

Laura García comenta que o proxecto está solicitado dende xaneiro e que se vai a incluír no Fondo de Compensación Ambiental, e que se mete a iluminación pero non as torretas.

-Pregunta pola reunión solicitada para tratar o tema do céspede do campo de fútbol.

Laura García comenta que xa faláron coa Xunta de Galicia, e a ver se veñen a mirar as instalacións do campo.

-Con respecto ao proxecto de arranxo do pavillón polideportivo municipal, que viron nos decretos da Alcaldía unha solicitude de subvención para este fin por importe de 40.000 euros. Pregunta se concretaron algo máis na reunión que tiveron con Diego Calvo.

A Alcaldesa explica que se solicitaron 40.000 euros para cofinanciar o proxecto a través de subvención.

-ROGA que se pinte a rúa San Xiao.

Alberto Balado dille que se vai a pintar en breve

-Pregunta novamente polo tema de Mar Cultura.

Dille a Alcaldesa que falou con Costas e que quedaron de darlles unha solución.

-Pregunta polo arranxo dos parques infantís.

Alberto comenta que de momento non se arranxaron, xa que soamente hai dous operarios e que agora mesmo hai un proceso de selección en marcha.

-Pregunta pola retirada das cruces dos Caídos, xa que pasou un ano.

-Pregunta se xa se aplicaron as medidas acordadas pola Inspección de Traballo en relación coas traballadoras do SAF.

Laura García dille que sí, que se trata de un servizo moi complexo e as medidas teñen que aplicarse de forma gradual, que se está a reducir a bolsa de horas e poñendo as xornadas legalmente, e todo isto de forma progresiva, para causar as menores molestias posibles aos usuarios.

-Pregunta se hai avances no tema do PEPRI.

A Alcaldesa dille que están en contacto con Revilla.



-Pregunta se teñen algunha planificación cara o verán para o desbroce nas parroquias.

Contesta Alberto Balado que o tractor vai a comezar a desbrozar nas parroquias o mes que ven.

-Pregunta se se van a arranxar os baños da Praia de Fornos.

Alberto Balado resposta afirmativamente.

-Fala da problemática da suciedade existente en determinadas zonas de Cariño, zona do Instituto, da pista azul, etc...e que se da conta de que non existe plantilla municipal.

Alberto Balado dille que fai pouco que estiveron alí limpando.

A Alcaldesa comenta que ao final tamén hai que contar co civismo da xente.

-Carlos Castro insiste en que hai que aprobar unha oferta de emprego público.

-Carlos Castro comenta a posibilidade de contratar un normalizador lingüístico a través dunha subvención da Deputación.

Dille que Cariño é un pobo pequeno e que agora as necesidades son outras.

-Pregunta pola sanción que Augas de Galicia impuxo ao Concello de 10.000 euros na zona de Rego-Regueiriño.

A Alcaldesa explica que debido a que as infraestruturas que se instalaron no seu día non son suficientes que se acumula moita auga da chuvia, e que esas instalacións se saturan, que o expediente ven do ano 2023, e que se hai un verquido que lóxicamente Augas sanciona. Engade que cando entraron intentaron limpar en Sismundi e Figueiroa, e que as instalacións non están adaptadas para iso, e que se está a mirar de solucionar o tema cun maior mantemento.

-Pregunta pola resolución da alcaldía na que se decreta unha orde de demolición do muro situado no lugar de A Cerca. Pregunta se hai total seguridade da demolición para que posteriormente non se esixa unha indemnización ao Concello.

A Alcaldesa dille que esta persoa tivo no seu día a posibilidade de recorrer e alegar o que considerara oportuno, e que o trámite seguiu adiante.

-Pregunta pola situación particular dun traballador do Concello que foi cambiado de despacho.

A Alcaldesa dille que se cambiou por cuestións de organización interna do Concello.

Laura García comenta que non é o momento nin o lugar oportuno para tratar este tema, que se lle fixo un escrito e as explicacións correspondentes se lle deron a dito traballador.

Carlos Castro pregunta se ese cambio pode vir polo proceso de negociación que se está levando co equipo de goberno, xa que coincide todo no tempo.

A Alcaldesa comenta que xa llo comentaran ao traballador o ano pasado.



Laura García insiste que non é un tema a tratar no pleno, que o traballador ten dereito a recorrer e que lle parecen unhas insinuacións moi graves.

A continuación Jonathan Miranda formula as seguintes PREGUNTAS:

-Comenta que eles viron o expediente de Augas de Galicia, e que a denuncia é do 26/06/2024. Explica que as depuradoras foron feitas por enxeñeiros, e que o principal problema é que non hai separación de pluviais e fecais, que cando chove moito desborda e que por iso hai que facer separativa.

Ana López dille que esas son obras maiores.

Jonathan Miranda insiste en que non é culpa de quen as deseñou.

-Pregunta polo traslado da oficina de deportes. E que lles chamou a atención o feito de que se cambie, xa que axudaba a manter a biblioteca aberta.

A Alcaldesa dille que cando estabilizou o posto, o traballador comentou que non ía facer máis esa función, entón na biblioteca non tiña razón de ser que se mantivera.

-Piden que se non se retransmiten os plenos a través de videoactas que polo menos se colguen as actas en pdf na páxina web.

-Pregunta cando se pinta a parada de taxis.

-Pregunta pola situación da obra de río Miño, Sanchola, xa que Igor ía facer unha modificación do proxecto.

Dille a Alcaldesa que por agora non teñen nada.

-Comenta que hai arrastres na zona da Pedra cando chove moito.

Alberto Balado di que esa zona que se limpa pero que cando chove moito é problemático.

-Pregunta se está en funcionamento a aula Mentor.

Laura García dille que falta darlle publicidade e inaugurala, que vai a ser a curto prazo pero que non ten data concreta, e que probablemente se poña en funcionamento despois de semana santa.

-Comenta que a casa reitoral da Pedra que está sen a porta, e que ten un contenedor de lixo diante.

-Pregunta se teñen un calendario de implantación da Axencia 2030.

Laura García dille que de momento non.

-Comenta que o 25 de febreiro que se solicitou reunión da xunta de portavoces, pregunta se teñen prevista a data.

Dille a Alcaldesa que para a semana a ver se poden quedar un día.



-Comenta o decreto polo que se solicita a cofinanciación para o arranxo do pavillón, pregunta se se poderán compatibilizar esas dúas subvencións xa que o 15 de novembro remata o prazo para xustificar.

A Alcaldesa comenta que a eles lles dixeron que si.

-Pregunta polo tema das axudas que estaban preconcedidas para o pavillón e o auditorio.

Ana López comenta que dicían que tiñan un convenio, pero que non é certo. Que eles asinaron un convenio para o pavillón o ano pasado e que xa o teñen. Que eles que din que no ano 2021 tiñan dous convenios coa Deputación e que no ano 2023 aínda non os asinaron porque non tiñan a aportación municipal.

Jonathan Miranda dille que non se asinaron porque eran necesarios todos os informes sectoriais e non estaban.

A Alcaldesa di que falou coa Deputación e que lles dixeron que non estaba a aportación do Concello.

Jonathan Miranda comenta que no momento que estiveron as autorizacións sectoriais que se podía buscar a financiación municipal.

A Alcaldesa insiste en que eses convenios estaban no aire.

Jonathan Miranda di que en febreiro de 2024 que chegou o último permiso, e que ao día seguinte se podía enviar coa aportación municipal. Explica que os informes se pediron no ano 2021 porque se fixo un acordo plenario onde o PP votou a favor, e que é unha pena que se perdan eses cartos.

A Alcaldesa dille que nunca se perde o que non se ten porque non están asinados os convenios.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos.

A Alcaldesa
Asdo:- Ana Mª Fernández López

A Secretaria
Asdo.- Alejandra Pardo Vázquez

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE